

7.- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS

MATEMÁTICAS

CRITERIO	MÍNIMO
MTB1.4.2.	Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.
MTB1.6.1.	Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.
MTB2.1.2.	Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
MTB2.2.1.	Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
MTB2.2.2.	Utiliza os números negativos en contextos reais.
MTB2.3.1.	Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.
MTB2.5.2	Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
MTB2.5.1	Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
MTB2.7.4	Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.
MTB2.7.5.	Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.
MTB2.9.1	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias
MTB3.2.1.	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
MTB4.6.1	Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.

LINGUA GALEGA

CRITERIO	MÍNIMO
LGB1.4.1	Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
LGB1.4.3.	Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.
LGB1.6.2	. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.
LGB1.7.4	. Amosa un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.
LGB1.9.1	Utiliza a expresividade corporal: acenos, miradas, postura corporal... para reforzar o sentido das súas producións orais.
LGB2.3.	Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
LGB2.5.3.	Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
LGB2.11.1.	Amosa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese.
LGB2.12.1.	Percibe as diferenzas lingüísticas presentes nas variedades da lingua galega.
LGB3.1.4.	Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.
LGB3.2.3	. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
LGB3.7.1.	Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.
LGB4.1.5.	Identifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do nome.
LGB4.4.1.	Usa axeitadamente diversos conectores entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...
LGB5.3.1	. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.
LGB5.4.1.	Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas.

LENGUA CASTELLANA

CRITERIO	MÍNIMOS
LCB 1.1.3	Escoita atentamente e segue as normas de comunicación respectando os sentimentos e emocións dos demais.
LCB 1.3.3	Participa en exposicións orais usando as tecnoloxías da información e comunicación.
LCB 1.6.3.	Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias.
LCB 1.11.1	Resume entrevistas e noticias procedentes do periódico, radio ,televisión e da internet.
LCB 2.2.1	Comprende de xeito global a mensaxe e identifica as ideas principais e secundarias en diferentes tipos de textos.
LCB 2.4.4	Elabora esquemas a partir de textos expositivos.
LCB 3.1.3	Escribe diferentes tipos de textos desenvolvendo a súa capacidade creativa na escritura.
LCB 3.2.2	Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.
LCB 3.7.1	Redacta textos presentando os escritos con limpeza, claridade e orde.
LCB 4.1.1	Identifica e coñece as categorías gramaticais.
LCB4.1.2	Coñece e conxuga os tempos simples e compostos de todos os verbos.
LCB 4.2.3.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras dun texto.
LCB 4.2.5.	Identifica as oración como unidade de significado completo.
LCB 5.1.1.	Recoñece as características de textos literarios, narrativos,poéticos e dramáticos.

LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

CRITERIO	MÍNIMOS
B 1.2.	Comprender mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información.
B 1.5.	Entender a información esencial en conversacións breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares.
B 2.1.	Facer presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión usando estruturas sinxelas).
B 2.3.	Participar en conversacións cara a cara ou por medios sobre asuntos cotiáns, expresando sentimentos, ofrecendo ou pedindo algo a alguén.
B 3.1.	Comprender instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.
B 3.2.	Comprender información esencial e localizar información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos.
B 4.2.	Escribir correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais) na que dar as grazas, felicitar a alguén, facer unha invitación, dar instrucións e saber facer oración afirmativas, negativas e preguntas relativas a estes temas usando correctamente a estrutura gramatical.
B 5.5.	Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.

CIENCIAS DA NATUREZA

CRITERIO	MÍNIMOS
CNB 1.1.1	Busca en diferentes soportes, selecciona e organiza a información obtendo conclusións, expresándoas de maneira oral ou escrita.
CNB 1.4.1	Realiza proxectos e pequenas investigación seleccionando o material necesario, extraendo conclusión e comunicando os resultados.
CNB 2.1.1.	Identifica os principais órganos das función vitais.
CNB 2.2.1	Identifica os aparellos que interveñen nas función vitais e describe as súas características.
CNB 3.1.1.	Identifica a estrutura dos seres vivos: células, órganos e aparellos e reconece as principais características e funcións.
CNB 3.3.1	Observa, investiga e explica os ecosistemas, hábitats e relación entre os seres vivos.
CNB 4.2.2.	Identifica e explica as características das diferentes formas de enerxía así como os riscos e beneficios das enerxías renovables e non renovables.
CNB 5.1.1.	Identifica e coñece os diferentes tipos de máquinas, os seus compoñentes e as súas utilidades.
CNB 5.3.1.	Identifica os elementos que compoñen un circuito eléctrico.

CIENCIAS SOCIAIS

CRITERIO	MÍNIMOS
CSB 1.1.1	Busca, selecciona e organiza información, analiza, obtén conclusións, ref e o comunica oralmente e/ou por escrito.
CSB 1.2.1.	Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, ...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
CSB 1.3.2.	Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.
CSB 1.4.1.	Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos.
CSB 2.3.1.	Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.
CSB 2.5.1.	Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.
CSB 2.6.1.	Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.
CSB 3.1.1.	Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.
CSB 3.1.2.	Identifica as principais institucións na Unión Europea e explicando en que consiste o mercado único e a zona euro.
CSB 4.3.6.	Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea.
CSB 4.5.2.	Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.

MÚSICA

CRITERIO	MÍNIMO
EMB1.1.1.	Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario básico.
EMB1.2.1.	Distingue algúns tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais.
EMB1.2.2.	Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características.
EMB1.3.1.	Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
EMB2.1.1.	Recoñece as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.
EMB2.2.1.	Recoñece e clasifica algúns instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.
EMB2.2.2.	Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. Utiliza con axuda a linguaxe musical para a interpretación de obras.
EMB2.2.3.	Traduce á linguaxe musical convencional algunhas melodías e ritmos sinxelos.
EMB2.2.4.	Interpreta algunhas pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.
EMB2.2.6.	Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
EMB2.2.7.	Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.
EMB2.3.1.	Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.
EMB2.3.3.	Utiliza os medios audiovisuais ou recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas
EMB3.1.1.	Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
EMB3.1.2.	Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

EMB3.1.5.	Inventa con axuda coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.
EMB3.1.6.	Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.
EMB3.1.7.	Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro ,amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.
EMB3.1.8.	Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.

ED. PLÁSTICA

CRITERIO	MÍNIMO
EPB1.1.2.	Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.
EPB1.1.3.	Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.
EPB1.1.4.	Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.
EPB1.2.1.	Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).

EPB1.2.2	Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.
EPB1.2.4.	Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.
EPB1.2.6.	Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.
EPB1.2.7.	Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.
EPB1.3.2.	Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa..
EPB2.1.1.	Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.
EPB2.1.2.	Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).
EPB2.1.9.	Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodégón etc.).

EPB2.3.2.	Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.
EPB2.4.1.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.
EPB2.4.3.	Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).
EPB2.5.1.	Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.
EPB2.5.2.	Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.
EPB2.5.3.	Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.
EPB 2.5.4.	Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.
EPB3.1.2.	Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.
EPB3.1.3.	Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.
EPB3.1.5.	Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.
EPB3.1.6.	Traza círculos co compás coñecendo o raio.
EPB3.1.13.	Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.
EPB3.1.13.	Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.

RELIXIÓN CATÓLICA

CRITERIO	MÍNIMOS
RC B 1.1	Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecie que o relato relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos a convivencia e a paz.
RC B 2.1	Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran á persoa.
RC B 3.1	Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ao Pai con situacións que viven os seres humanos.
RC B 4.1	Aprende a diferenza os sacramentos que están ao servizo da Igrexa, confirmación, orde e matrimonio.

VALORES SOCIAIS E ÉTICOS

CRITERIOS	MÍNIMOS
VSCB 1.2.4.	Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos demais nas actividades cooperativas.
VSCB 1.3.1.	Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.
VSCB 1.4.1.	Propón alternativas á resolución de problemas sociais.
VSCB 2.6.1.	Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais.

VSCB 2.6.2.	Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo.
VSCB 3.1.2.	Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.
VSCB 3.6.2.	Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas.
VSCB 3.9.1.	Valora e respecta a libre expresión.

EDUCACIÓN FÍSICA

CRITERIO	MÍNIMO
EFB1.2.	Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.
EFB1.3.	Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.
EFB3.1.	Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.
EFB5.1.	Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.
EFB5.2.	Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade
EFB5.3.	Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.
EFB6.1.	Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.
EFB6.2.	Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.

8.- PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua en canto estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, deste modo, adoptar as medidas necesarias que permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias claves para continuar o proceso educativo.

Os procedementos de avaliación empregados serán de diversa natureza:

- Escritos: (Tarefas de clase, tarefas de casa, Caderno da materia, Actividades de avaliación, Traballos de grupo,)
- Oraís: (Preguntas individuais e grupais., Participación do alumno/a. Intervencións na aula. Postas en común, Probas oraís individuais, Exposicións oraís.)
- Observación sistemática: (ficha individual, escalas, rexistros de incidencias, rexistros anecdóticos...)

Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.

9.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos e técnicas a empregar na avaliación do alumnado e da propia acción docente –auto avaliación- responderán aos procedementos antes citados:

- Probas escritas: pode ser calquera proba que recolle a información nun texto de forma escrita: Exames, Ditados, Controis diarios, Fichas de repaso, Redaccións...
- Probas lectoras: trazamos unha proba na que o neno ten que ler un texto dunha extensión adecuada á súa idade, para despois traballar en

torno a el: Lecturas compartidas, Voz baixa, Empregando todos o mesmo texto ou textos diferentes, Lectura en voz alta, Lectura cooperativa...

- Probas orais: probas puntuais nas que se pide unha información de extensión variable empregando como medio preferente a expresión verbal pola vía oral: Exposicións, Dramatizacións, Rol-playing, Presentacións, Chistes, Contacontos, Faladoiros, Debates, Charlas...
- Tarefas finais (competenciais): conxunto de exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao entorno cotián. Nel se require o manexo de diversas habilidades para resolver problemas en contornos relevantes de forma autónoma: Debates, Dramatizacións, Contacontos, Feiras, Investigacións, Construción de máquinas simples, Enquisas, Viaxes virtuais...
- Caderno de clase: recolleremos información tamén de forma puntual do caderno para valorar distintas actividades, así como a organización e limpeza do mesmo.
- Observación diaria: valoración do traballo de cada día, moi empregado para calibrar hábitos e comportamentos desexables.
- Tarefas para casa: Serán encomendadas pequenas tarefas de repaso do aprendido en clase, ben coa intención de afondar ou ampliar os contidos. Serán consideradas actividades que non impliquen un excesivo tempo de traballo fóra da aula por parte do alumno.

10.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

LC, LG, CM, Mates	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Probas específicas, controles orais, escritos, test,...	10%	15%	30%	40%	50%	50%
-Participación na clase -Intervencións -Participación en actividades complementarias -Actitudes e comportamentos -Presentación de cadernos (limpeza, orde, presentación) -Traballos entregados ou expostos.	30%	40%	30%	30%	25%	25%
Revisión de actividades do libro e cadernos de traballo, deberes	60%	40%	30%	20%	15%	15%
Lectura de libros, hábito lector,...		5%	10%	10%	10%	10%

11.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial será facilitadora da valoración de coñecementos previos, capacidades e actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de E-A a realidade das súas posibilidades e de valorar se cómpre algún tipo de reforzo ou ampliación.

Avaliaremos os niveles de competencia matemática e socio lingüística mediante os seguintes instrumentos:

- Observación sistemática de todas as manifestacións dos alumnos que nos permitan ter un coñecemento axeitado dos mesmos.
- Análise das producións do alumnado: resumos, traballos, cadernos, textos escritos.
- Intercambios orais co alumnado: diálogo, entrevista, asembleas...
- Probas específicas: obxectivas, cuestionarios, resolución de exercicios ou tarefas enviadas para ser feitas ou rematadas na casa.

O equipo de profesores que traballan con este curso reunirse o primeiro martes de outubro para comentar os resultados de dita avaliación